

# NORMATIVA

## **Regulamento para a realización do Traballo Fin de Mestrado**

### **Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo**

Aprobado na xunta de centro do 5 de maio de 2017  
Modificado na xunta de centro do 23 de xullo de 2019  
Modificado na xunta de centro do 06 de xullo de 2021

**REGULAMENTO PARA A REALIZACIÓN DO TRABALLO FIN DE MESTRADO  
FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

**SUMARIO**

**PREÁMBULO**

**REGULAMENTO**

**Artigo 1. Do obxecto deste regulamento**

**Artigo 2. Do ámbito de aplicación**

**Artigo 3. Da definición do traballo fin de mestrado**

**Artigo 4. Da matrícula do traballo de fin de mestrado**

**Artigo 5. Da titorización do traballo de fin de mestrado**

**Artigo 6. Da asignacións da titorización e da temática do traballo de fin de mestrado**

**Artigo 7. Do depósito do TFM**

**Artigo 8. Da presentación e defensa do traballo de fin de mestrado**

**Artigo 9. Da avaliación e cualificación do traballo de fin de mestrado**

**Artigo 10. Dos traballos de fin de mestrado realizados noutra universidade**

**Disposición final**

## REGULAMENTO PARA A REALIZACIÓN DO TRABALLO FIN DE MESTRADO DA FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO

### PREÁMBULO

O Regulamento para a realización do TFM da Universidade de Vigo foi aprobado en Consello de Goberno o 15 de xuño de 2016 e modificado polo Consello de Goberno na súa sesión do 13 de novembro de 2018.

O Real decreto 1393/2007 do 29 de outubro polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, dispón no capítulo IV «*Ensinos universitarios oficiais de mestrado*», artigo 15.3, que os ensinos de mestrado «*concluirán coa elaboración e defensa pública dun traballo de fin de mestrado que terá entre 6 e 30 créditos*». No anexo 1 do citado real decreto, establécense as características e os requirimentos da memoria de verificación, documento «*que constitúe o compromiso da institución, sobre as características do título e as condicións en que se van desenvolver os ensinos*». No seu apartado 5.1, táboa 2, queda clara a total integración do traballo fin de mestrado na estrutura dos ensinos.

O Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, que modifica o RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das titulacións universitarias oficiais, dá unha nova redacción ao artigo 6 referido ao recoñecemento e transferencia de créditos, e sinala: «*en todo caso non poderán ser obxecto de recoñecemento os créditos correspondentes aos traballos de fin de grao e mestrado*».

Neste contexto, cos criterios definidos nestes reais decretos, correspóndelle a cada universidade, en exercicio da súa autonomía, establecer as normas que lle sirvan de regulamento ao traballo de fin de mestrado.

A presente normativa, dentro do marco xeral da Universidade de Vigo, diseña os aspectos xerais para o desenvolvemento dos traballos de fin de mestrado na Facultade de Filoxía e Tradución, e as súas finalidades son:

- Unificar os procedementos que faciliten o seu desenvolvemento e a xestión administrativa.
- Procurar que, considerando as particulares características que o traballo de fin de mestrado ten entre as materias das titulacións, se manteña a súa integración no conxunto dos títulos.
- Garantir ao estudantado que a elaboración, defensa e avaliación do seu traballo de fin de mestrado pode desenvolverse de maneira axeitada.

Máis aló do marco definido nesta normativa, en atención ás peculiaridades das titulacións de mestrado que teña adscritas, cada Comisión Académica do Mestrado (CAM) establecerá o seu propio regulamento interno para o desenvolvemento do traballo de fin de mestrado, con observancia da debida publicidade da normativa común da Facultade de Filoxía e Tradución da Universidade de Vigo.

### REGULAMENTO

#### Artigo 1. Do obxecto deste regulamento

A presente normativa recolle as directrices xerais relativas á definición, elaboración, defensa, avaliación e tramitación administrativa dos traballos de fin de mestrado.

## Artigo 2. Do ámbito de aplicación

1. As previsións contidas na presente normativa aplicaráselle aos traballos de fin de mestrado correspondentes aos títulos de mestrado da Facultade de Filoxía e Tradución da Universidade de Vigo.
2. No caso dos títulos oficiais de mestrado de carácter interuniversitario, este regulamento só se aplicará ao estudantado matriculado na Universidade de Vigo, agás que o convenio regulador do título correspondente estableza outras disposicións ao respecto.
3. O traballo de fin de mestrado nos títulos que habilitan para o exercicio de actividades profesionais reguladas rexerase polo disposto na orde que estableza os requisitos para a verificación do correspondente título, sen prexuízo da aplicación, con carácter subsidiario, do presente regulamento.
4. O contido desta normativa complementábase co resto de normativas e procedementos da Universidade de Vigo en vigor ou que se puidesen aprobar, referidas ao desenvolvemento e xestión da docencia, en todos os seus ámbitos, das titulacións oficiais da Universidade de Vigo.
5. A Facultade de Filoxía e Tradución adapta neste regulamento o regulamento xeral da Universidade de Vigo. As comisións académicas dos mestrados da FFT deberán axustar os seus procedementos para a xestión do TFM ao establecido nesta normativa. En calquera caso, as normas que estableza a FFT serán públicas e axeitadas ao disposto neste regulamento e nas memorias de verificación das titulacións.
6. As tarefas de titorización, avaliación e cualificación dos traballos de fin de mestrado forman parte das obrigas docentes do profesorado. A Universidade de Vigo establecerá a forma do seu recoñecemento.

## Artigo 3. Da definición do traballo fin de mestrado

1. O Traballo de Fin de Mestrado (TFM) forma parte como módulo, materia ou disciplina do plan de estudos de todo título oficial de mestrado. No seu deseño debe preverse que a súa elaboración, avaliación e cualificación, teñan lugar dentro do período previsto para realizar os estudos.
2. O traballo de fin de mestrado é un traballo persoal e orixinal tanto no título como nos contidos, que cada estudante realizará de maneira autónoma baixo titorización docente, e debe permitirlle mostrar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título. En ningún caso, pode ser un traballo presentado con anterioridade polo/a estudante nalgunha materia de calquera titulación nesta ou noutra universidade, aínda que pode integrar ou desenvolver traballos feitos nas actividades doutras materias da titulación.
3. O feito de que o traballo de fin de mestrado sexa un labor persoal non exclúe que, para desenvolver unha proposta de envergadura suficiente, poidan participar varios/as estudantes, cada quen cunha parcela precisa da tarefa global. Isto será autorizado pola Comisión Académica do Mestrado. Neste caso, o estudantado implicado nun mesmo traballo, compartirá titor/a e poderá ter o mesmo tribunal de avaliación, mentres que a presentación, defensa e avaliación serán individuais.
4. Cada estudante ten dereito ao recoñecemento da autoría do traballo de fin de mestrado elaborado e á protección da súa propiedade intelectual. A titularidade dos dereitos derivados pode compartirse cos titores/as, coas cotitoras e coas entidades públicas ou privadas ás que pertencen, nos termos e condicións previstas na lexislación vixente.
5. O traballo de fin de mestrado poderá elaborarse en institucións ou empresas externas á

Universidade de Vigo, nos termos que se establezan nos convenios institucionais asinados. Nese caso existirá a figura dunha persoa cotitora pertencente á institución ou empresa. A persoa titora académica compartirá coa persoa cotitora, as tarefas de dirección e orientación do/a estudante, e será, en calquera caso, responsabilidade do titor/a facilitar a xestión.

6. O traballo de fin de mestrado terá a súa guía docente axeitada á normativa correspondente, e única para cada titulación. As CAM serán as encargadas da redacción e difusión desta guía docente.
7. A redacción dos traballos de fin de mestrado debe respectar o emprego dunha linguaxe inclusiva.
8. O traballo fin de mestrado poderá ser cotitorizado por conferenciantes externos que participen no mestrado. Nese caso existirá un titor/a académica que compartirá co cotitor/a externa as tarefas de dirección e orientación do/a estudante, e será, en calquera caso, responsabilidade do titor/a académico facilitar o proceso administrativo.

#### **Artigo 4. Da matrícula do traballo de fin de mestrado**

1. Para poder matricularse no traballo de fin de mestrado será requisito imprescindible ter matriculadas todas as materias requiridas para finalizar o plan de estudos.
2. A matrícula do traballo de fin de mestrado realizarase nos períodos oficiais de matriculación dos estudos de mestrado.
3. A matrícula do traballo de fin de mestrado dá dereito a dúas oportunidades de avaliación nun mesmo curso académico, sempre que se cumpran os requisitos para a súa defensa recollidos no artigo 8.7.
4. A validez da matrícula do traballo de fin de mestrado será a mesma que a de calquera outra materia e, polo tanto, remata o último día hábil do curso académico.
5. No caso de que o estudantado teña depositado o TFM na área de posgrao da FFT e conte co informe favorable do seu titor ou titora antes da data límite de entrega de actas da convocatoria de xullo pero non reúna os requisitos para poder defender o traballo por ter materias pendentes deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico. No curso inmediatamente seguinte ao do depósito (e só nese curso) o/a estudante terá dereito a unha matrícula reducida do 25% do coste da primeira matrícula.

#### **Artigo 5. Da titorización do traballo de fin de mestrado**

1. Os traballos de fin de mestrado realizaranse baixo a supervisión e dirección dunha persoa que exercerá as tarefas de titorización.
2. A titorización consistirá en supervisar e orientar o/a estudante na temática, metodoloxía, elaboración, presentación e calquera outro aspecto académico relativo ao traballo de fin de mestrado; así como facilitar a súa xestión, dinamizar e facilitar todo o proceso ata a presentación e a defensa do mesmo.
3. Poderá actuar como persoa titora calquera docente da Universidade de Vigo, co visto e prace da Comisión Académica do Mestrado. Tamén poderá titorizar calquera docente das universidades participantes nun programa interuniversitario. Se a natureza do traballo de fin de mestrado o requirise, poderanse establecer equipos tutoriais que asumirán as tarefas de titorización nos termos que establece a Comisión Académica do Mestrado sempre dentro da normativa da Uvigo.
4. Cando se dean casos de baixa prolongada do titor/a ou finalizase a súa vinculación coa Universidade de Vigo, a Comisión Académica do Mestrado será a responsable da substitución das persoas titoras e establecerá os procedementos que sexan precisos de acordo

coa normativa común da Universidade de Vigo.

## **Artigo 6. Da asignacións da titorización e da temática do traballo de fin de mestrado**

1. Correspóndelle á Comisión Académica do Mestrado establecer na súa propia normativa os criterios, procedementos e o calendario para asignar as persoas que titoricen a cada alumno/a, así como a temática de cada traballo, aténdose ao recollido no presente regulamento conforme á normativa común da UVigo.
2. Garantiráselle a todo o estudantado matriculado na materia de traballo de fin de mestrado a debida titorización.
3. Garantirase que se poidan desenvolver traballos con temas relacionados cos contidos específicos da titulación, e que o estudantado dunha titulación con varios itinerarios poida realizar o seu traballo de fin de mestrado dentro da temática do itinerario que estea a cursar.
4. Establecerase un calendario para todo o proceso de adxudicación de persoas titoras e temas que posibilite elaborar axeitadamente os traballos dentro dos límites do calendario académico oficial da Universidade de Vigo aprobado para cada curso académico.
5. A Comisión Académica do Mestrado responsable do título daralle a debida publicidade ás adxudicacións definitivas da titorización de cada alumno/a. Poderanse reclamar fronte a estas adxudicacións no prazo de sete días naturais ante esta Comisión.
6. A adxudicación da titorización e da temática para o traballo de fin de mestrado terá validez máxima de dous cursos académicos. Unha vez transcorridos terá que volver a realizarse un novo proceso de adxudicación.
7. Cada Comisión Académica do Mestrado responsable do título regulará o procedemento para que o estudantado poida solicitar un cambio na titorización ou no tema do seu traballo de fin de mestrado, e para que a persoa que titorice poida solicitar o cambio de estudante asignado/a e de temas ofertados.

## **Artigo 7. Do depósito do TFM**

1. Para poder realizar o depósito do TFM previo á súa defensa é preciso estar correctamente matriculado/a e contar co informe favorable da persoa ou persoas que titoricen o traballo, segundo recolle o artigo 4 desta normativa.
2. Excepcionalmente, a Xunta de Facultade ou, de ser o caso, a comisión na que se delegue, poderá autorizar a defensa sen o preceptivo informe favorable do titor ou da titora do TFM, tras a petición formal e motivada do/da estudante.
3. O estudantado deberá realizar o depósito na convocatoria na que vaia a efectuar a defensa e sempre dentro das datas establecidas para o efecto, que serán fixadas pola área de posgrao da FFT. Transcorridas todas as convocatorias dun mesmo curso sen que se levara a cabo o depósito, o estudante deberá volver matricularse.
4. Para poder defender o TFM na convocatoria escollida, será requisito imprescindible facer os trámites dixitais, previos ao depósito do TFM, fixados pola universidade ou universidades que participen no mestrado e acollerse ao sistema centralizado de depósito ofrecido pola Facultade de Filoloxía e Tradución.
5. Para facer o depósito centralizado na FFT deben realizarse tres trámites: 1) Presentación da solicitude de depósito e defensa na área de posgrao da FFT, segundo modelo normalizado. 2) Presentación do informe favorable asinado polo titor ou titora do TFM ou, de ser negativo, ter solicitado un novo informe á Xunta de Centro ou a comisión delegada, do informe realizado por este órgano no que se lle dea o visto bo ao TFM. 3) Depósito electrónico do TFM na carpeta habilitada para ese efecto na área de posgrao, a través do envío electrónico

a posgraosxsh1@uvigo.es. Será un documento único en formato PDF estándar no que se incluíra o traballo xunto cos anexos. A totalidade de TFM en PDF serán gardados tamén, por seguridade, noutro equipo da área de posgrao.

Os tres trámites deberán realizarse respectando a data límite fixada para cada convocatoria. Quen efectúe algún dos tres trámites pasada dita data, non poderá realizar a defensa ata a seguinte convocatoria, se así procede.

6. De non superar a avaliación do TFM na convocatoria escollida, deberase iniciar a tramitación completa do depósito detallada nos parágrafos anteriores.

### **Artigo 8. Da presentación e defensa do traballo de fin de mestrado**

1. Cada traballo de fin de mestrado será presentado e defendido polo seu autor ou autora ante un tribunal de avaliación que o avaliará e cualificará.
2. As Comisións Académicas dos Mestrados, atendendo a criterios organizativos e de programación docente, establecerán as datas de celebración das defensas dos traballos de fin de mestrado dentro dos límites do calendario académico oficial da Universidade de Vigo. En calquera caso deberá garantirse o cumprimento das horas de traballo correspondentes aos ECTS do traballo de fin de mestrado.
3. Os requirimentos para a realización da solicitude de defensa do TFM indícanse nos artigos 7.1. e 7.2. deste regulamento.
4. A defensa do traballo de fin de mestrado realizada polos/as estudantes será pública e presencial. A Comisión Académica do Mestrado poderá autorizar a defensa a distancia de xeito virtual, sempre e cando concorran as condicións técnicas, administrativas e económicas que permitan a súa viabilidade.
5. A Comisión Académica do Mestrado deberá establecer e anunciar públicamente a estrutura e a duración máxima da exposición, así como a data, hora e lugar da de celebración. O traballo fin de mestrado só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de mestrado, agás os correspondentes ao propio traballo fin de mestrado.
6. A Comisión Académica deberá verificar que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa presentación. Para estes efectos, no caso de que na data límite de entrega de actas das materias aínda non se recepcionaran todas as actas, a secretaría do centro solicitará do profesorado encargado desas materias que informe sobre as cualificacións do estudantado que solicitase defensa para esa convocatoria.

### **Artigo 9. Da avaliación e cualificación do traballo de fin de mestrado**

1. O tribunal de avaliación asignado avaliará e cualificará cada traballo de fin de mestrado presentado e defendido. A cualificación deste tribunal poderá ser única ou poderá supoñer unha porcentaxe da cualificación final que, de ser o caso, será polo menos do 70%; o resto pode depender doutros criterios, sistemas de avaliación e responsables establecidos pola Comisión Académica do Mestrado.
2. A Comisión Académica do Mestrado nomeará, con base en criterios públicos e motivados, o tribunal de avaliación do traballo de fin de mestrado entre o profesorado da titulación ou profesorado da FFT se a CAM o considera oportuno. O presente regulamento prevé dous mecanismos de avaliación e cualificación do traballo de fin de mestrado: avaliación e defensa ante un tribunal colexiado ou ante un tribunal unipersoal. A guía docente de cada titulación deberá indicar a modalidade que se aplicará na súa titulación. Naquelas titulacións que opten polo tribunal colexiado, este estará constituído polo menos por tres persoas que exercerán

- presidencia, secretaría e vogal, podendo haber máis dunha persoa vogal. Debido ás características dos TFM presentados ou ao número do estudantado matriculado, poderán nomearse varios tribunais para unha titulación.
3. Cada tribunal de avaliación do traballo de fin de mestrado actuará de forma regular nas convocatorias oficiais de cada curso académico.
  4. De xeito excepcional, a Comisión Académica do Mestrado poderá autorizar que forme parte do tribunal de avaliación outro persoal docente, persoas colaboradoras ou membros de institucións externas á Universidade de Vigo que posúan unha titulación de nivel igual ou superior ao mestrado e que poderán actuar en calidade de vogais, con voz e voto, ou como persoas asesoras con voz e sen voto.
  5. A Comisión Académica dos Mestrados definirá o papel das persoas titoras e cotitoras na defensa, avaliación e cualificación dos traballos de fin de mestrado. As persoas titoras poderán, polo menos, estar presentes con dereito a voz no acto de defensa.
  6. O tribunal de avaliación do traballo de fin de mestrado constituirase formalmente coa debida publicidade e antelación ao acto de defensa.
  7. O tribunal de avaliación do traballo de fin de mestrado deliberará sobre a cualificación dos traballos sometidos á súa avaliación tendo en conta a documentación presentada por cada estudante, o informe da persoa titora e a exposición pública dos traballos.
  8. A cualificación global terá en conta, polo menos, a calidade científica, técnica ou artística do traballo presentado, a calidade do material entregado, os contidos incluídos e o grao de adquisición das competencias específicas da titulación, incluídas as competencias transversais. Os criterios de avaliación quedarán recollidos na guía docente do traballo de fin de mestrado de cada titulación.
  9. No caso de obter a cualificación de suspenso, o tribunal de avaliación achegará ao/á estudante e, de ser o caso, á persoa titora, un informe coas recomendacións oportunas para mellorar o traballo e a súa posterior avaliación.
  10. A entrega de actas dos traballos de fin de mestrado estará rexida polos tempos máximos de entrega de actas fixados no calendario académico oficial da Universidade de Vigo.

## **Artigo 10. Dos traballos de fin de mestrado realizados noutra universidade**

1. De acordo co apartado 3.5 deste regulamento, o estudantado pode solicitar a realización do traballo fin de mestrado noutra universidade española ou estranxeira que conte cun convenio de intercambio académico coa Universidade de Vigo. A Comisión Académica do Mestrado solicitará unha persoa titora na universidade de destino e designará á persoa responsable do intercambio no centro como cotitor/a aos únicos efectos de supervisar os trámites a desenvolver na Universidade de Vigo.
2. Para proceder á defensa, o traballo deberá recibir previamente o informe favorable do titor/a na universidade de destino e o visto e prace da persoa responsable do intercambio da Universidade de Vigo.
3. A universidade de destino deberá enviar un documento no que conste a cualificación obtida, a data de defensa e o número de créditos do traballo de fin de mestrado.

## **Disposición final**

Este regulamento entrará en vigor no curso académico 2019/2020. Foi aprobado pola Comisión de Calidade e pola Xunta de Facultade o 23 de xullo de 2019.

Aprobado pola Xunta de Centro o 5 de maio de 2017.  
Modificado pola Xunta de Centro o 23 de xullo de 2019.  
Modificado pola Xunta de Centro o 06 de xullo de 2021.